

Cal é a tecnoloxía dun poema?

Xosé M. Eyré

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

EYRÉ, XOSÉ M. (2011 [2008]). “Cal é a tecnoloxía dun poema?”. *A Nosa Terra*: 1303 (27 de marzo), 32-33. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/945>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ M. (2008). “Cal é a tecnoloxía dun poema?”. *A Nosa Terra*: 1303 (27 de marzo), 32-33.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

CHAMÁRONLLE
PAZ

Marta Dacosta

Desde o extremo do antigo Imperio, chega a turista a Roma, disposta a recrearse na contemplación das ruínas que testemuñan un pasado de esplendor. No seu percurso, vai comprobando como inundacións, incendios ou terremotos non foron os únicos responsábeis de que só unha pequena parte destes monumentos se conserve case íntegra. A rapina dos propios gobernantes romanos foi desmantelando os vellos edificios dos seus materiais de valor para ser utilizados unha e outra vez, na que foi unha das primeiras operacións de especulación urbanística a grande escala ao servizo da propaganda política. Cada novo emperador realizaba unha grande obra. Para iso iniciaba a invasión doutro pobo, o seu saqueo de bens e vidas, visíbeis nas proceções triunfais que facían ostentación da política expansionista, das riquezas roubadas coas que o emperador edificaba. O monstro alimentábase.

A turista visita cada mostra dese pasado que non deixa constancia da vida dos máis humildes. O mapa vai dun a outro gran monumento, mais non recomenda a visita do Museo Storico della Liberazione situado no mesmo edificio que entre 1943 e 1944 foi cárcere e centro de tortura de presos políticos empregado pola policía de seguridade tedesca, colaboradora das SS. Un lugar triste que deixa constancia dun pasado errado, tamén imperialista.

De regreso, a turista queda coas palabras de Tácito que critican o afán imperialista que edificou a súa grandeza no sometemento e na expoliación doutros pobos: "Fixeron pasar baixo o falso nome do imperio roubar, torturar, rapinar: e cando tiñan feito un deserto, chamáronlle paz". ●

O mapa turístico de Roma esquece o Museo da Liberación, centro de torturas na II Guerra Mundial"



crítica

POESÍA.

Calé
a tecnoloxía
dun poema?

Hordas de escritura

Autora: Chus Pato.

Edita: Xerais.

"Método" é o concepto rector da pentoloxía que Chus Pato vén publicando desde aquela *A ponte das poldras*. Este poemario fai o número tres, logo de *MTalá e Charenton*. Terceiro título pois a reflexión sobre a propia poesía, sobre a palabra. Precisamente, *Charenton* definíase como un mecanismo de captura. Agora non se trata tanto de capturar (o feito poético), de experimentar coa súa expresión, como de indagar sobre a súa natureza e esencia. Porque a poeta é consciente das mudanzas que o xénero poético experimenta. Por exemplo a morte da metáfora, a negación do lirismo como orixe do manancial poético, tradicionais signos identitarios da poesía (maioritarios mais non exclusivos). Porque non nada doado que a poeta autoidentifique o seu eu (o seu sufrimento, as súas ilusións e necesidades) como cousa diferente, radicalmente diferente, do dos demais. Porque o eu resulta inconcebible se non forma parte do nós. Non formar parte dese nós sería o síntoma da non existencia para os demais, da non existencia absoluta.

Velaí que *Hordas de escritura* encétao xustamente a delimitación da necesidade de atopar "calquera episodio que nos agrupe" (p. 15), de atopar o nós. A partir do desdoblamento, método xa presente nos anteriores títulos da pentoloxía, inícase o diálogo. Diálogo coas



Chus Pato.

personaxes, a poeta é consciente, porque son creadas personaxes; Mariana, Hrg (antes Hr-g), están aí, como o inevitábel Jeekyll cando se fala de desdoblamento. Diálogo coa propia escrita, diálogo co / coa lector / lectora. Non existiría poesía de non ser pola súa existencia, se non se presentise, se non se sentise. Diálogo coa lingua, coa historia, coa arte, coa xeografía, coa natureza, coa infancia, cos lugares e a xente querida e os seus avatares sociopolíticos. Tamén coa obra literaria allea e precedente, porén con moitísima menos intensidade que nos títulos anteriores. Diálogo co tempo. E diálogo equivale a irmanamento. O diálogo tamén é delirio, loucura, viaxe, itinerario (físico, psicológico). Non hai consciencia de escribir poesía, si de crónica, de feito recorre á estratexia de co-

mentar escenas, pensamentos, sentires, na tentativa de apreixarles o miolo. Aproximación e distanciamento no mesmo vector. Remata a primeira parte coa sensación de que nada pode ser apreixado, mais reclamando perspectiva e concluíndo que "todas as respostas e preguntas desta crónica son túas, lector-lectora, ou de quen con nome ficticio asinará o escrito" (p. 29). Procurando unha perspectiva que esclareza o caos, o poema non ten corpo e non é porque nunca fique completo e precise de aclaracións-continuacións-retrospectivas"

como evolución. A autora non está segura de que o sexa. Tampouco se dá por vencida e, na segunda parte, que é continuación tamén da primeira, acode á perspectiva do retorno a escenarios familia-

NON FICCIÓN -

- 1 No pazo de Laiovento. Xosé Luna. Espiral Maior.
- 2 Carta ao señor Futuro. Suso de Toro. Xerais.
- 3 O segundo sexo. Simone de Beauvoir. Xerais.
- 4 Ao pé do abismo. Rosa Aneiros. Xerais.
- 5 Coa man armada. Lupe Martínez. A Nosa Terra.

Tabela das letras. FICCIÓN -

- 1 Harry Potter e as reliquias ... J.K. Rowling. Galaxia.
- 2 Made in GZ. Séchu Sendé. Galaxia
- 3 Cardume. Rexina Vega. Xerais.
- 4 Os ollos de K. Antón Riveiro Coello. Galaxia.
- 5 Fin de século en Palestina. M.A. Murado. Galaxia.

rizados (Ourense, Muros) e á infancia, perspectiva do tempo. Para atopar que "o relato é autobiográfico na medida en que as palabras constitúen biografía" (p. 41) ou preguntarse "que sorte de tecnoloxía é o poema?", tecnoloxía, subliñamos. Para recoñecer que, a fin de contas, o que a arrebatada é o fascínio, que á súa vez é indefinible, tan antergo como a procura da pureza e a vaidade, a miraxe obsesiva, de quen se cre un deus (Empédocles).

Deste xeito éntrase na terceira parte, onde o título "Os paxaros queríamolos ser e non nos gustan os prismáticos" anuncia un total mergullamento (como Empédocles se lanzou no interior do Etna) na experiencia poética (do fascínio, da beleza, da pureza, da filosofía, ou como se chame) e renunciando explicitamente a toda perspectiva distanciadora: desde fóra non se poden coñecer, só maldebuxar, imprecisamente, os interiores. E a entrar no poema, no delirio persistente, no abismo, porque agora óptase por "botar por fóra a escritura" (p. 49). Porén, isto non atenúa o sentimento de desintegración, de incompletude, senón que incrementa a sensación de fragmental de greta, "entre a potencia escritora e a imposibilidade de escribir" (p. 61), que atrapa e devolve a escritora a impresión de ciclo, de rescate, o poema é a voz do tempo, "cámara das marabillas" (p. 64). E rexorde o compromiso social esencial, fuxir da lírica abstracta, "indiferente ao que sucede, ao que nos sucede" (p. 66), recoñecerse nos grandes poemas dunha lingua (Rosalia, Curros, Pondal), nas voces dos demais. Malia a razón, "quizais o seu maior acto de razón foi un deseño de fantasías eróticas", e reivindica o instinto carnal, "éxtase dos sentidos" (68).

Se cadra non é esta a solución definitiva, con seguranza, porén si é a menos traumática, a menos dolorosa. Na faciana animal, "o paraíso non é a infancia, é a animalidade" (p. 79) do ser humano estoura o >>>



Xosé R. Barreiro, Ánxela Bugallo e Luís Bará [de esquerda a dereita] na presentación dos premios.

Cultura convoca os Premios Nacionais con dez categorías. O pasado luns 24 a conselleira de Cultura Ánxela Bugallo presentou en Compostela os Premios Nacionais da Cultura Galega, unha demostración de que a cultura do país “é moi rica e diversa”, e tamén o punto final dunha vella arela do sector. Dez categorías destacarán anualmente o mellor de cada unha das áreas culturais. Cada un dos galardóns, que se entregarán en xuño, estará dotado de 15.000 euros.●

>>> logos incontíbel, e na palabra na historia e na memoria a necesidade do combate liberador. A faciana animal reafirmase tamén na propia esculca do método, “claro que o poema non vai manifestar a actividade oculta das súas células” (p. 76), na praxe poética que a vén caracterizando, “e os dispositivos de escritura repregáronse a un esquema de si e a magros e hipotéticos temas de reflexión futura”.

“O corpo desaparecido de Manuel Antonio fai posíbel que sexa ocupado por calquera tipo de ficción” (p. 84). Manuel Antonio, orixe da poesía galega do século XXI. Poesía?, narrativa?, filosofía?, crónica? “Se é unha epopea estamos seguras”, só. Escrita no fulcro intersticial de reflexión sobre ela mesma, sobre o mundo e a sociedade. Tematicamente, evolución non supón obrigatoriamente modificación. Esteticamente, a variedade tampouco equivale sempre a riqueza expresiva.●

Xosé M. Eyré

NARRATIVA.

A nostalgia de ser un deus

Galaxia traduce o Werther de Goethe

Quizais a ningún escritor lle acatan ben o cualificativo de *olímpico* coma a Goethe. Olímpico no sentido de “morador do Olimpo”, a residencia dos deuses. E para lembrar o verdadeiro significado que, á luz deste adxectivo, tivo a obra goethiana no devir da cultura europea, nada máis oportuno que esta excelente tradución para o galego do *Werther* que agora nos ofrece Galaxia na súa colección Clásicos Universais. Precísase deixar a un lado a efixie marmórea do prudente ministro e conselleiro áulico –que tan-



tos equívocos permitiu á hora de avaliar a figura de Goethe – e voltar ás súas orixes coma mozo aírado que facía parte do revolucionario movemento do *Sturm und Drang*, o precursor das rebeldes aventuras literarias de Byron e Stendhal, o exterminador de ortodoxias e academias.

A trama de *As mágoas do mozo Werther* é dabondo coñecida e simple. Werther namórase da fermosa Lotte S., mais ela está prometida a Albert. Werther trata de consolarse da súa desventura, mais como non pode odiar nin desexarlle ningún mal a Albert – que é unha das persoas máis indulxentes e afábeis que coñece – nin logra integrarse na sociedade – que o rexeita polas súas avanzadas ideas –, opta polo suicidio. Cuns vimbios tan sinxelos coma estes, Goethe tece unha obra extraordinaria, radical e

fermosísima que conmoveu toda Europa. A partir dos modelos epistolares que lle ofrecían as novelas de Richardson e de Rousseau provoca un cataclismo na narrativa que destrúe tanto o idealismo destas coma a ironía materialista de Sterne e Fielding. Werther – un personaxe de talento que escribe e pinta, que ama a natureza e os nenos, que odia as desigualdades e combate as inxustizas – convértese nesta obra

“Werther convértese nesta obra no símbolo da ruptura entre o home moderno e a sociedade que habita”

no símbolo da ruptura entre o home moderno e a sociedade que habita. O protagonista desta engaiolante novela encarna antes que ningún outro a escisión moderna entre o desexo de perfección e a fragilidade da existencia. O estrito cosmos medieval – tan ben descrito por Dante – articulábase arredor dos dous polos do Paraíso e o Inferno baixo a severa mirada dun Deus autoritario e onnipotente. Era esta unha orde totalitaria, mais posuía un aspecto consolador: o home era consciente de cal era o camiño que debía elixir para acadar a salvación e evitar a condenación eterna. As extremas estaban ben delimitadas. O Renacemento crebrou esta orde poñendo o ser humano no centro dunha existencia sen límites que abría todas as portas á súa creatividade, ás arelas de descubrimento, ao anhelos de totalidade. Mais iso significaba tamén a posibilidade da soidade, do desamparo cósmico, da destrución. O “home íntegro” do Renacemento permitía o soño do saber universal, mais tamén o seu reverso, a nada.

O século das luces propiciou a morte definitiva de Deus e, con ela, un universo no que o ser humano usurpaba o seu lugar. Coa razón científica na man, o home avanzaba sen freo no dominio da natureza e no desenvolvemento da técnica. Mais comezaba a albiscarse tamén o fracaso na tarefa de harmonizar a técnica e a natureza, a razón e a poesía, a orde social e a liberdade individual. O disparo que acaba coa vida >>>

CONTA DE LIBROS.

Testamento de Elixio

Reeditase *Matádeo mañá. Memorias dun aviador galeguista republicano entre a*



guerra e o exilio, de Elixio Rodríguez, recentemente falecido. O autor foi figura

crucial da política da República e do desterro mexicano, onde desenvolveu un activo labor cultural. En Xerais.

Aloita polo Estatuto

Ceferino Díaz publica *A esforzada conquista da autonomía (1979-1981)*, un libro de memorias que recupera un período



fundamental na xestación da Galiza moderna, cando se discutiu o modelo e o alcance do Estatuto galego. Todo reflexionado desde a óptica socialista. Edita Galaxia.

Diálogos de actualidade

Conversas con: reúne nun só volume os diálogos que organizou a Dirección Xeral de Xuventude con destacadas personalidades



da cultura e o pensamento internacional. Nina Pacari, Carlos Alberto Torres, Ken Loach, James Petras, Adolfo Pérez Esquivel, Anxo Quintana e Joaquín José Martínez.●

Ghoete visto por Andy Warhol.

